

XXI ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Divulgación científica en Galicia: cal é o peso (atómico) do galego?

4-5 de abril de 2019

Conclusións

Recollendo as experiencias, debates, comentarios, suxestións... que foron aflorando nestas dúas xornadas, como responsables da organización dos XXI Encontros para a normalización lingüística, dedicados neste ano 2019 á “Divulgación científica en Galicia”, baixo a pregunta “Cal é o peso (atómico) do galego?”, a modo de resumo conclusivo, pareceunos necesario salientar os seguintes aspectos, de diferente signo.

1. A realidade da divulgación científica en Galicia, e máis especificamente a divulgación científica en galego, ten bastantes elementos positivos. Practicamente todos repousan na calidade humana e profesional e no pulo creador e creativo do noso sistema cultural, alicerzado en grandes doses de compromiso cívico, de motivación persoal e de voluntarismo.

- En primeiro lugar quedou patente que se trata dun sector moi dinámico e vital, moi saudable e cun altísimo nivel de motivación. Iso é unha fortaleza fundamental, pois nun contexto coma o do galego a motivación vai a ser sempre un motor necesario, indispensable.
- É tamén un feito positivo e esperanzador que exista un tecido asociativo, nalgúns casos precario, pero con moita boa vontade de colaboración (volvemos incidir unha vez máis sobre a motivación). Un tecido baseado nunha rede con diferentes graos de implicación e fortaleza, mais que conta con persoas e grupos de excelencia, que teñen relevancia social e capacidade para transmitir ese prestixio a aqueles ámbitos en que traballan e á lingua en que o fan, unindo esta a un alto nivel de autoridade e rigor científicos.
- As experiencias e resultados, transcendendo a pequena escolma realizada para as sesións expositivas e para a Artesa 2019, mostran que hai moita diversidade de produtos e moita creatividade, a pesar da modestia xeral dos recursos económicos e técnicos. Esta apreciación, que vale para todos, é especialmente entusiasmante nos vencellados ao ensino secundario, porque demostran a

fortaleza e excelencia dos docentes fronte aos graves impedimentos do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, e á escaseza de materiais bibliográficos e didácticos.

- Existe un público para a divulgación científica en lingua galega, si. Podemos responder afirmativamente á gran pregunta, coas matizacións que se queiran engadir: cando se fai divulgación científica en galego, o público asiste; ademais, outro menos sensible á causa do galego acode ás actividades programadas sen ningún rexeitamento ou desconforto por ser esta a lingua empregada. É un importante indicio de normalidade o feito de que varios dos participantes se sorprendesen ante a pregunta, porque nunca antes se percataran da disxuntiva: usar o galego é o natural, e esa sensación moi xeneralizada de naturalidade reforza a posición da lingua neste ámbito. En casos ben (re)coñecidos todo forma parte da mesma marca de excelencia: rigor científico + creatividade + lingua galega + amenidade.
- En todo caso, non só se pode concluír que o uso do galego non é un factor de penalización aos divulgadores que así o fan. Existe, ademais, a percepción de que a difusión en galego da divulgación científica de creación propia vía Internet, con ou sen lendas sobreescritas, pode ter un efecto normalizador para a lingua, dentro e fóra das nosas fronteiras: unha oportunidade que cómpre explorar no amplo espazo de intercomprensión románica, e moi en especial nos países de lingua portuguesa.
- Un público suficiente e diverso que precisa produtos diversificados: hai persoas e grupos máis especializados que queren asistir a eventos e consumir produtos que están na fronteira entre o divulgativo e o técnico; outros precisan formatos de divulgación básica, sexa na formación cultural de amplos sectores sociais de diversas idades e hábitats sexa nos diversos niveis educativos; outros demandan a hibridación entre a divulgación do coñecemento e o lecer, mesmo implicando as distintas formas de expresión artística.

2. Lamentablemente, non son menos as debilidades e elementos negativos, que van moito máis alá da falta de recursos e apuntan, sobre todo, á falta de planificación, sexa en políticas culturais destinadas ao conxunto da poboación sexa como complemento das políticas educativas.

- Foi sinalada de xeito recorrente a carencia dunha visión institucional, entendida nun sentido amplo. Por suposto do goberno autonómico, nos seus diversos departamentos, mais tamén son institucións concernidas as de ámbito local, as universidades, os organismos científicos e outras máis. Esta ausencia de programa provoca a percepción, bastante axustada á realidade, de que cada quen anda ao seu aire, facendo o que pode dende o seu voluntarismo e motivación persoais, buscando apoios e solidariedades conxunturais, creando redes con

colegas igualmente en precario..., mais sen que haxa unha visión clara de cara a onde debe ir o traballo de divulgación científica que se fai en Galicia, cales son os mellores formatos para as temáticas e os públicos albo, como disponibilizar e conseguir os recursos básicos ou sobre o papel que debe xogar a lingua galega en todo isto.

- Esta falta de planificación obriga a traballar, unha vez máis, desde o voluntarismo. Este é un valor relevante se o vemos como motivación; mais non pode ser, de xeito ningún, o ingrediente fundamental, porque daquela deriva en precariedade. E da precariedade deriva a inestabilidade e da inestabilidade deriva o feito, tamén salientado nas xornadas, de que, habendo grandes e bos proxectos, falta músculo. Hai emprendementos de entidade, capaces de dar un selo de calidade á marca Galicia, que quedan fanados sen nacer ou só nas apostas iniciais porque non son sustentables ao longo do tempo desde unha estrutura tan voluntarista como a que se percibe como habitual.
- A falta ou cativeza das axudas públicas autonómicas para a divulgación científica, en forma de apoio económico polas distintas vías coñecidas, é en si mesma un elemento significativo. É sintomático que varios dos proxectos de divulgación científica máis estruturados –e, por así dicilo, máis potentes– fosen posibles grazas ao financiamento conseguido en convocatorias estatais (sobre todo da FECYT), ao apoio das universidades ou ao doutros organismos galegos. Evidentemente non é lóxico nin natural: falta o orzamento da administración galega porque neste ámbito non hai un proxecto para un país.
- Á anterior únese a falta dunha política axeitada para o fomento do uso do galego nos medios de comunicación. Ata agora segue moi focalizada na prensa en papel e no número de exemplares impresos, deixando na periferia outras vías de comunicación que hoxe son moito máis relevantes a nivel de difusión e impacto social, nun abano xeracional moito máis amplo. Moitos dos formatos de divulgación científica, maioritariamente en galego, poderían ter unha oportunidade nesas boas prácticas de apoio á lingua nos medios de comunicación.
- A necesidade de axudas específicas para a divulgación científica non se reduce ao apoio económico para a súa creación e produción. Cómpre apoio para pasar do voluntarismo a unha certa estrutura empresarial e profesional; cando menos, deberían potenciarse microempresas que tivesen como actividade empresarial o labor de divulgación científica en Galicia, e en galego. Bótase en falta o apoio dos medios de comunicación – e chamamos a atención, sobre todo, da radio e televisión autonómicas–, que poderían/deberían actuar como motores: programación en espazos regulares, produción propia e por encarga, canle de difusión dos diversos formatos (dos máis especializados aos máis lúdicos). Apelamos á CRTVG como ente público que ten como razón de ser obxectivos compatibles con esta proposta: fomentar o uso e normalización da lingua galega

en todos os ámbitos e contribuír a aumentar o nivel cultural dos galegos e galegas.

- Outra necesidade é a de dar a coñecer e de visualizar o traballo feito: faltan canles de distribución da información. De feito, e como proba disto, as xornadas serviron para descubrir a existencia dun gran número de iniciativas interesantes descoñecidas para un público interesado e previsiblemente ben informado. Reclámase algún espazo común que sirva de lugar de encontro virtual e dea o mapa do que se está a facer: un espazo que se poida actualizar, ao que se poidan achegar contidos e produtos, no que se poidan proporcionar enlaces, anunciar proxectos, procurar colaboracións..., e que preferiblemente sexa responsabilidade dalgunha entidade pública ou privada con capacidade para sostela activa e con “auctoritas” suficiente para lexitimar as iniciativas. Neste sentido, a modo de exemplo, citáronse, entre outros casos, o da revista *Mètode*, da Universitat de València, e mais o da Cátedra de Cultura Científica-Kultura Zientifikoko Katedra, da Universidad del País Vasco.
- Obsérvanse con preocupación signos visibles de minusvaloración da divulgación científica nos ámbitos académicos, patentes na desconsideración dentro das tarefas docentes e na marxinalidade nos baremos de calidade, e polo tanto ten efectos disuasorios. O profesorado dos niveis de ensino non universitario fai este importante labor a conta do seu tempo libre, salvo que consiga unha licenza por formación; o profesorado universitario enfróntanse á dureza da súa avaliación periódica docente e investigadora sabendo que o tempo e esforzo dedicado á divulgación científica xoga na súa contra, nin se considera como docencia, nin se avalía positivamente como investigación nin se aprecia debidamente como contribución á transferencia divulgativa de coñecemento á sociedade. Isto é un problema que está nas mans das administracións cambiar: estimular, compensar, valorar, prestixiar premiar..., en definitiva, recoñecer o valor de poñer en marcha proxectos interesantes e a participación nese tipo de actividades.
- Por último, quixeramos afincarse sobre o vizo do sector e os aspectos positivos enumerados no inicio un chamamento para que ese tipo de actividades sexan promovidas como unha vía de aumentar o nivel de coñecemento científico na sociedade. Unha sociedade con coñecementos de cultura científica é unha sociedade mellor defendida contra as pseudociencias, contra o chamanismo moderno das pseudoterapias, contra as mentiras disfrazadas de “posverdade”, etc. etc. Polo tanto é unha sociedade máis crítica, unha sociedade evidentemente moito mellor.